

---

# ***Plan de Continxencia COVI 19***

## ***Escola Infantil Carmen Cervigón***

---

## 1. INTRODUCCIÓN

Este documento relata as medidas que vai a adoptar a Escola Infantil Carmen Cervigón encamiñadas a controlar e reducir a transmisión da Covid 19. É responsabilidade de todo o persoal e as familias contribuir ao cumprimento estrito destas medidas de protección.

## 2. OBXECTIVO

Establecer as medidas preventivas para minimizar e controlar a transmisión da Covid 19 entre o alumnado da Escola Infantil Carmen Cervigón.

## 3. CONSIDERACIÓNS SOBRE A DISTANCIA FÍSICA

Como centro de educación infantil non podemos cumprir unha das medidas fundamentais para o control da transmisión do Covid 19. O afastamento social é inviable nesta etapa educativa, na que tanto os coidados esenciais de alimentación, aseo e descanso, como a cobertura das necesidades afectivas precisan dun estreito contacto humano.

Na medida do posible estableceremos grupos de convivencia estable evitando a necesidade de manter a distancia física dentro do propio grupo.

Entre o persoal do centro, de forma xeral, manterase unha distancia física mínima de 1,5 metros sempre que se poida. En todo caso, o persoal do centro levará en todo momento máscara de protección.

## 4. ACTUACIÓN NO SUPOSTO DE TER UN CASO POSITIVO DE COVID 19 NA ESCOLA

Se no centro se da un caso positivo dun alumno, profesora ou outro persoal, a dirección avisará telefónicamente á Xefatura Territorial de Sanidade, e se informará por correo electrónico á seguinte dirección: [dxfamilia.politicasocial@xunta.gal](mailto:dxfamilia.politicasocial@xunta.gal).

A partir de aquí seguiremos as indicacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que teña que estar illada unha parta do noso centro educativo, mantendo o funcionamento do resto de forma habitual, en función do número de contactos identificados.

## 5. LIÑAS DE ACTUACIÓN DA ESCOLA INFANTIL CARMEN CERVIGÓN

### a. Medidas previas ao comenzo da actividade

- ✓ Antes de comezar a actividade todo o persoal parará unha proba PCR ou un test para a detección de anticorpos da Covid 19
- ✓ Non se irá a traballar con febre (>37,5°), síntomas respiratorios ou se houbo contacto próximo cunha persoa infectada. Ante síntomas sospeitosos ou posibles contactos o persoal contactará co seu centro de saúde.
- ✓ Para valorar o noso estado de saúde usaremos o Anexo I. Enquisa de autoavaliación clínica do Covid 19. Publicado no Protocolo de actuación

para escolas infantís 0-3 fronte ao Coronavirus, da Consellería de Política Social.

- ✓ Difundir as recomendacións da autoridade sanitaria fronte o Covid 19 mediante carteis na escola.

**b. Cuestións relativas ao mantemento da distancia de seguridade.**

- ✓ Manter, na medida do posible, a distancia de seguridade de 1,5 metros entre o persoal e evitar que coincidan na mesma dependencia.
- ✓ Cambiarémonos escalonadamente, nos momentos de entrada maioritaria se non é posible distribuírnos pola zona de taquillas utilizaremos tamén a enfermería.

**c. Cuestións organizativas.**

- ✓ A persoa responsable da coordinación as medidas de prevención e control da Covid 19 que se establecen neste documento e a directora da escola, Almudena Carro Seijo. Será tamén a encargada de contactar coa Xefatura Provincial de Sanidad se existise algún positivo ou algún caso de sospeita.
- ✓ O centro de saúde de Labañou será o de referencia para resolver dúbidas ou incidencias.
- ✓ Comunicaremos estas medidas a todo o persoal que preste algún servizo no centro.
- ✓ Estableceremos un horario de entrada amplo do alumnado (de 7:30 a 9:30 h) evitando a aglomeración de persoas tanto á entrada como á saída.

**d. Cuestións relativas á hixiene e limpeza.**

- ✓ Reforzaremos a dispoñibilidade de material de limpeza e hixiene.
- ✓ Teremos un dispensador de solución alcólica á entrada, e nas dependencias do centro que sexa oportuno, sempre que se poidan lavar as mans prevalecerá este sistema de desinfección.
- ✓ Intensificaremos a frecuencia da limpeza dos elementos máis usados e manipulados, sobre todo nos momentos de entrada e saída de usuarios e usuarias da escola.
- ✓ A roupa de traballo será de uso exclusivo do centro. Non se poderá vir con ela posta da casa. Á chegada á escola procederemos ao cambio da roupa persoal polo uniforme de traballo, gardando a nosa na taquilla persoal. Ao rematar a xornada lavarase conforme a norma establecida

pola autoridade sanitaria. Como ata agora, o calzado será de uso exclusivo no centro. Cambiarémolo nada máis entrar na sala de taquillas do persoal.

- ✓ Despois do lavado frecuente de mans ao longo de toda a xornada, utilizaremos papel dun só uso para secarnos nos e secar a os nenos e nenas.
- ✓ Teremos especial coidado coa manipulación de documentos que nos acheguen as familias, lavando as mans despois desta manipulación.
- ✓ Desinfectaremos todo o material facilitado polas familias: cueiros, chupetes, biberóns.
- ✓ As pertenzas dos nenos e nenas: mudas, mantiña, obxecto de apego...serán entregadas ao persoal debidamente marcadas, lavadas e nunha bolsa pechada.
- ✓ Cubriremos as vías respiratorias cun pano dun só uso ou co antebrazo ao tusir ou esbirrar.
- ✓ Evitaremos tocar os ollos, a nariz e a boca.
- ✓ Limparemos e desinfectaremos frecuentemente espazos de uso común, equipamento e utensilios (obxectos, mesas, superficies, pomos portas, billas, interruptores...)
- ✓ Empregaremos máscaras de protección hixiénica e quirúrxica. Estarán á nosa disposición en todo momento.
- ✓ No caso de que haxa sospeita de caso positivo illarase ao alumno/a, o espazo establecido para illar aos supostos casos será a sala de profesores, alí permanecerá acompañada da súa titora ata que a recollan no mínimo tempo posible. No caso de non estar a titora estará acompañada pola profesora de apoio.
- ✓ Informarase as familias que neste caso teñen que recoller ao neno ou nena de forma inmediata, polo que os teléfonos que deixen de contacto teñen que estar operativos en todo momento.
- ✓ Ao final da xornada hixienizaremos os útiles, obxectos de traballo e xoguetes, así como os vasos, biberóns e chupetes.
- ✓ Ventilaremos frecuentemente as aulas e demais estancias. Especialmente cando se vaia ao patio e ao comedor.

- ✓ Eliminaremos todo aquilo que sexa prescindible e difícil de desinfectar, intentando ter os espazos das aulas o máis diáfanos posíbel, como xa vemos facendo ata agora.
- ✓ Nos tempos de descanso, cando precisemos usar os móbiles, desinfectarémolo antes e despois de cada uso.
- ✓ A comunicación diaria coas familias farase mediante unha nota que se entregará diariamente. Os pais, a principio de curso, traerán unha libreta ou axenda que permanecerá na escola, cada día cubrirase unha folla coa información e será a que se lles entregue á saída, permanecendo a libreta na escola en todo momento.

**e. Medidas relativas aos nenos e nenas.**

- ✓ Momentos de chegada e saída do centro.
  - Son as familias as que teñen que tomar a temperatura aos nenos antes de vir á escola, se teñen máis de 37,5° non poderán asistir. Tampouco poderán vir se teñen tos ou síntomas respiratorios, aínda que sexan leves, ou si mantiveron contacto estreito cunha persoa afectada por Coronavirus, dentro ou fora da súa unidade familiar.
  - A pesar do dito no punto anterior a escola dispón dun sistema de toma de temperatura. Dentro do horario normalizado se lle tomará a todos os alumnos ao entrar.
  - Cada neno virá acompañado dun único adulto que deberá acceder á escola con máscara. Adulto e neno/a deberán limpar as mans co xel alcólico que se encontra na entrada e deberán pasar polo felpudo hixienizante.
  - Non se poderá acceder con carriños ou sillas, poderase deixar fora da escola só mentres se acerque ao neno/a á aula. Despois deberán retiralo.
  - Achegarse ao neno á porta da aula, quitaráselle o abrigo e se lle porá o mandilón (aconsellamos traelo posto debaixo do abrigo). Descalzarase e se meterán os zapatos nunha bolsa de plástico co nome do neno/a. A mestra recibirá ao neno na porta e entregarlle a bolsa cos zapatos. Dentro da aula camiñarán con calcetins, preferiblemente antideslizantes.

- A principio de curso traerán un par de zapatos, zapatillas...que permanecerán na escola xunto cunha sudadeira para poñelos ao sair ao patio. Esto será aplicable para os nenos de 1-2 e de 2-3 anos).
- Despois da hora de entrada a porta da escola permanecerá pechada.
- A recollida dos nenos farase polo exterior da escola. Cada aula dispón dunha porta de acceso exterior, a través da cal sairán os nenos e nenas ao final da xornada. Para evitar aglomeración pedimos ás familias que sexan moi puntuais nas horas de recollida.

✓ **Actividades nas aulas e medidas de hixiene.**

- As nenas e nenos beberán por un vaso de uso exclusivo da escola que será desinfectado despois de usarse.
- Evitaremos, o máximo posible, as interaccións entre nenos e nenas das distintas aulas.
- Incluiremos como rutina principal o lavado de mans con auga e xabón dentro das aulas.
- Despois do cambio do cueiro desinfectarase o cambiador.
- Para a limpeza do nariz, mans...empregaremos papel dun só uso.
- Nas aulas que teñan baños compartidos faremos turnos de aseo para cada unha de elas. Despois de que un grupo acabe limparanse os wc, cambiadores, lavabos...
- Estableceremos turnos de patio, cando acabe un grupo desinfectarase os tobogáns e triciclos para poder ser usados polo grupo seguinte.

✓ **Momentos de xantar.**

- O alumnado das aulas de bebés xantarán na aula, mantendo as medidas de hixiene e distancia entre as educadoras.
- As nenas e nenos de 1-2 e 2-3 anos que xanten no comedor diferenciaranse por zonas o suficientemente distanciadas para non mesturarse os das distintas aulas.
- Entrará e sairán do comedor por aulas para evitar mesturarse no pasillo.

✓ **Momentos de descanso.**

- Habilitaranse as hamacas e cunas para a sesta dentro de cada aula, deste xeito cada neno durmirá na súa aula de referencia.
- Lavaremos as sábanas semanalmente a máis de 60° e desinfectaremos as hamacas e cunas.
- Os venres levarán para casa as mantas que utilizan os nenos e nenas de 1-2 e 2-3 anos e que trouxeron da casa a principio de curso.

**f. Medidas relativas ás familias.**

- ✓ Os pais firmarán unha declaración responsable de que o neno/a nin ningún outro membro da súa unidade familiar presentou sintomatoloxía nin tivo contacto estreito con persoas con Covid 19 nos últimos 14 días, e no caso de se producir tal situación ao longo do curso, informarán á dirección da escola.
- ✓ Fomentaranse as videochamadas e sistemas alternativos de comunicación non presencial para as titorías e reunións. De non ser posible, solicitaranse citas previas para a realización de titorías, sempre tomando as medidas de seguridade e hixiene e fóra do horario de atención educativa.

**g. Medidas relativas a empresas externas e terceiros alleos ao centro.**

- ✓ Calquera traballador ou traballadora externo deberá asumir o cumprimento das medidas establecidas neste protocolo, para o desenrolo do seu traballo dentro da nosa escola.
- ✓ Os estudantes en período de prácticas neste centro, estarán obrigados a proceder cumprindo todas as esixencias e requisitos recollidos no presente plan, gardando en todo momento as distancias e as medidas e protección, así como a entregar a mesma declaración responsable que firman as familias, responsabilizándose de comunicar calquera circunstancia relativa a contactos ou síntomas de Covid de xeito inmediato á dirección do centro e asinar diariamente o Anexo I. Enquisa de autoevaluación clínica do Covid 19. Publicado no Protocolo de actuación para escolas infantís 0-3 fronte ao Coronavirus, da Consellería de Política Social.

**h. Persoal de cociña.**

- ✓ O persoal de cociña será o responsábel da desinfección e de gardar en debidas condicións o material recibido.
- ✓ O persoal de cociña deberá manter as instalacións deste espazo e as despensas en estado de limpeza e desinfección axeitado e permanente.
- ✓ O persoal de cociña reforzará as dinámicas de lavado constante de mans e desinfección de superficies e tiradores, pomos e outros.

**i. Persoal de limpeza.**

- ✓ Reforzaremos a dispoñibilidade de material de limpeza e hixiene.
- ✓ Ademáis das súas funcións habituais, o persoal encargado da limpeza reforzará a desinfección dos elementos máis comunmente usados: interruptores, tiradores, billas...
- ✓ Reforzará tamén a desinfección dos elementos de xogo dos patios interior e exterior.
- ✓ Ventilará frecuentemente todos os espazos interiores.